

PACTO ENTRE A XERENCIA DO COMPLEXO HOSPITALARIO XERAL-CALDE E A XUNTA DE PERSOAL RELATIVA Ó DESENVOLVEMENTO DOS CRITERIOS RECTORES DAS BASES DA MOBILIDADE VOLUNTARIA DO PERSOAL ESTATUTARIO FIXO, CORRESPONDENTE ÁS CATEGORÍAS DE PERSOAL SANITARIO DIPLOMADO E DE FORMACIÓN PROFESIONAL, E DE PERSOAL DE XESTIÓN E SERVIZOS DAS INSTITUCIONS SANITARIAS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

En Lugo a

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: D. Francisco Jose Vilanova Fraga, na súa condición de Director Xerente do Complexo Hospitalario Xeral-Calde e no exercicio das competencias ás que se refire o art. 9 do Decreto 97/2001, de 22 de marzo.

DOUTRA PARTE: D. Daniel Otero Castiñeira, na súa condición de Presidente da Xunta de Persoal da area de saúde de Lugo, e actuando en representación da mesma e dando cumprimento o acordo do citado órgano de data....., mediante o cal se atribúe ao presidente da Xunta de Persoal celebrar o presente pacto.

D^a. María Luisa Gorgoso Vázquez, en representación da Sección Sindical de CSI-CSIF.

D^a. Carmen Aira Díaz, en representación da Sección Sindical de CIG Saúde.

D. Pedro Gonzalez Gonzalez, en representación da Sección Sindical de U.G.T.

D^a. María Luisa Iglesias Fraga, en representación da Sección Sindical de SATSE.

D^a. María Losada Rábade, en representación da Sección Sindical de SAE.

D^a. Dolores Maceda Fernández, en representación da Sección Sindical de CCOO.

ACORDAN:

Que as convocatorias que se celebren no Complexo Hospitalario Xeral-Calde en execución dos Criterios Rectores das Bases da mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo, correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado e de formación profesional, e de persoal de xestión e servizos das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, axustaranse, ademais do establecido no referido Acordo, o contido do presente documento, segundo seguidamente se indica.



Primeiro:- Ámbito de aplicación:

O presente pacto aplicarase as convocatorias de concursos de mobilidade interna voluntaria do persoal estatutario fixo do C.H. Xeral-Calde que se celebren ó amparo dos Criterios Rectores das Bases da mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo, correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado e de formación profesional, e de persoal de xestión e servizos das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde.

Segundo.- Periodicidade das convocatorias.

1. Como regra xeral, o concurso de mobilidade interna convocarase con unha periodicidade anual.

Terceiro.-Prioridade persoal con destino removido en proceso de reestructuración:

1. O persoal que fose afectado por algún proceso de reestructuración da unidade que teña motivado a remoción do seu destino obtido por traslados internos poderá facer uso dalgunha das seguintes prioridades nos concursos de mobilidade interna voluntaria que se convoquen:
 - a. Prioridade absoluta para obter o destino do cal foi removido: O persoal reestructurado terá prioridade absoluta respecto dos demais aspirantes para obter en concurso interno de mobilidade o destino do cal foi removido. En caso de varios aspirantes en uso desta prioridade, resolverase entre eles conforme ós demais criterios de baremación do concurso. Non se poderá facer uso de esta preferencia si previamente se ten feito uso da prioridade á que se refire o apartado seguinte.
 - b. Puntuación adicional: O persoal que resultara removido dun destino adxudicado por concurso interno de mobilidade poderá facer uso, no seguinte concurso interno de mobilidade que se convoque con posterioridade a data de remoción, dunha puntuación adicional equivalente a 1 ano de servizos prestados con praza en propiedade na mesma categoría a que se opta no Sistema Nacional de Saúde. Esta puntuación equivale a 12 puntos. Esta prioridade será incompatible coa referida no apartado anterior.

Cuarto: baremos de méritos:

1. Concrétanse os seguintes aspectos do baremo de méritos:
 - A) As referencias realizadas nos baremos de méritos establecidos no documento sobre Criterios Rectores das Bases da mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo, correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado e de formación

profesional, e de persoal de xestión e servizos das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, a letra “X” serán entendidas **como equivalentes a 1 punto**. Deste xeito, os méritos de Experiencia Profesional serán avaliados segundo seguidamente se indica:

a) Experiencia profesional: Antigüedad nas institucións sanitarias públicas:

- a.1) Por cada mes de servizos prestados con praza en propiedade na mesma categoría á que se opta, en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: **1 punto**.
- a.2) Por cada mes completo de servizos prestados con carácter temporal en prazas da mesma categoría á que se opta: **0,5 puntos**.
- a.3) Puntuación adicional por cada mes servizos prestados como persoal fixo na mesma institución sanitaria, na mesma categoría á que se opta: **0,25 puntos con un máximo de 15 puntos**.

B) As referencias realizadas nos baremos de méritos establecidos no documento sobre Criterios Rectores das Bases da mobilidade voluntaria do persoal estatutario fixo, correspondente ás categorías de persoal sanitario diplomado e de formación profesional, e de persoal de xestión e servizos das institucións sanitarias de atención especializada do Servizo Galego de Saúde, a letra “Y” serán entendidas como equivalentes a 1 punto. Deste xeito, os méritos de Formación Continuada e Docencia serán avaliados da seguinte forma:

a) Formación continuada:

- a.1) Por crédito: 1 puntos.
- a.2) Por hora: 0,10 puntos.

b) Docencia:

- b.1) Por crédito: 2 puntos.
- b.2) Por hora: 0,20 puntos.

c) Límites de puntuación por Formación Continuada e Docencia:

- c.1) O límite de puntos obtidos no apartado de docencia e investigación **non poderá exceder os 24 puntos.**
- C) Como consecuencia das equivalencias anteriormente citadas os coñecementos de lingua galega terán a seguinte puntuación:
- a) Curso de iniciación: 3 puntos.
 - b) Curso de perfeccionamento: 6 puntos.
2. Os aspirantes da categoría de Diplomados Universitarios de Enfermería que contén co título de Especialista en Saúde Mental gozarán de preferencia sobre os demais aspirantes para acceder a prazas da categoría de D.U.E. en unidades de Saúde Mental.

Quinto.- Vixencia:

O presente pacto terá vixencia anual, prorrogándose automaticamente, salvo denuncia das partes.

Asimesmo, deixará de estar vixente total ou parcialmente cando se opoña ou contradiga ás normas vixentes, os pactos, acordos ou instrucións impartidas por órganos superiores do Servizo Galego de Saúde.

Disposición adicional.-

As referencias realizadas ó Complexo Hospitalario Xeral-Calde, entenderanse realizadas o Hospital Lucus Augusti cando este estea en funcionamento.

Polo Complexo Hospitalario Xeral-Calde.

Asdo.: Francisco José Vilanova Fraga.

Pola Xunta de Persoal

Asdo.: Daniel Otero Castiñeira.